



IES PINO MANSO

Plan  
de  
Convivencia



ÍNDICE	Páx
1. INTRODUCCIÓN. MARCO LEGAL	2
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN	3
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PINO MANSO	7
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PINO MANSO	8
5. A MEDIACIÓN	12
6. A AULA DE CONVIVENCIA	13
7. PROTOCOLO DE ACOSO	14
8. NORMAS DE CONVIVENCIA	25
9. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓN QUE CORRESPONDEN AO SEU INCUMPRIMENTO	27
10. ESCOLA DE PAIS/NAIS	39
11. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO	40
12. DIFUSIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA	40



## 1. INTRODUCCIÓN. MARCO LEGAL

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no artigo 11 sostén que O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. Tamén afirma, na alínea 2 do mesmo artigo, que integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así mesmo, no artigo 12 do devandito Decreto especificanse os obxectivos xerais que debe perseguir todo Plan de Convivencia; estes son os seguintes:

- a) Facilitarles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamiento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizarlos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuir desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construcción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.



## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

O IES Pino Manso recolle alumnado procedente da vila do Porriño e tamén dos núcleos rurais adxacentes (Atios, Carracido...). Cando estas alumnas e alumnos se incorporan ao noso centro a comezo de curso -referímonos, especialmente, aos niveis de ESO 1, FP Básica e Bacharelato 1- debemos ser especialmente coidadosos co seu acollemento para conseguir integralos; igual acontece co alumnado estranxeiro, xa que este adoita matricularse cando o ano académico xa está en marcha; é destacable que, cada curso, encontramos un número significativo de profesorado novo, ao cal cómpre habituar ás dinámicas de funcionamento do IES Pino Manso.

Coidamos que os aspectos de xestión e organización do centro que reverten nun clima de convivencia positivo son os seguintes:

- A nivel planificación:
  - As reunións que, marcadas polo horario de centro, habilitan espazos de encontro entre pais e tutores.
  - As xuntanzas semanais de tutores, por nivel, con Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación, as cales permiten establecer pontes entre os tutores, Orientación e o equipo directivo que facilitan o tratamento e mellora da convivencia no centro.
  - A distribución do alumnado por aula, a cal se realiza non só tendo en conta as materias escollidas por estes, senón tamén a súa personalidade e comportamento.
  - O desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, as cales tamén se orientan a cumplir os obxectivos xerais do Plan de Convivencia. Destacar, ademais, para a súa posta en práctica contamos, en ocasións, coa axuda da ANPA, do Persoal Non Docente e, así mesmo, do Concello do Porriño, polo que se converten nunha canle de participación dos diferentes integrantes da comunidade educativa.
  - As reunións da xunta de delegados que, cando se necesita colaboran na solución proactiva e positiva de conflitos relacionados coa convivencia nos que é necesario un maior compromiso do alumnado.
- As medidas de atención á diversidade:
  - Os agrupamentos flexibles.
  - Os desdobres de idiomas e laboratorios.
  - A medida de docencia compartida, dentro da mesma aula, nas materias instrumentais.
  - O apoio ofrecido pola Profesora de Pedagogía Terapéutica dentro e fóra das aulas.



- Relacionadas coa formación pedagóxica do profesorado:
  - A metodoloxía da Aprendizaxe Cooperativa, a cal favorece a inclusión e cohesión de todo o alumnado.
  - A implementación das Prácticas Restaurativas que facilita a abordaxe de conflitos soterrados ou que difícilmente ven a luz e oferta a posibilidade de dar voz a todo o alumnado, especialmente aos introvertidos.
  - O programa de Observación do Profesorado desenvolvido no centro, a través dun PFPP, que afonda nun mellor coñecemento e seguimento dos alumnos.
- Dependendo do Departamento de Orientación:
  - A atención que se lle ofrece ao alumnado,
  - Os obradoiros e talleres que organiza, os cales abordan a educación emocional, a prevención de violencia e do acoso escolar, a non discriminación por razóns de sexo, a asunción da diversidade de xénero... temáticas que redundan, moi favorablemente, na mellora da convivencia.
  - O desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, xa que a posta en práctica deste último documento contribúe, en grande medida, á consecución dos obxectivos xerais (*b, c, d, e f*) marcados, por lei, do Plan de Convivencia.
- O aproveitamento de medidas ofertadas pola Consellería de Educación:
  - Contratos Programa.
  - O Plan Proxecta,
  - O PLAMBE.

Por último, neste apartado de xestión e organización do centro, apuntar que a participación dos diferentes integrantes da comunidade educativa na vida do centro, canalizada a través do funcionamento do Consello Escolar e dos diferentes órganos colexiados, redunda no xa citado clima de convivencia positiva.

Con todo, no IES Pino Manso tamén constatamos a presenza de conflitividade; para deixala explícita tomaremos como referencia os temas abordados nas reunións de titores, encontros en titorías coas familias, xuntanzas de delegados e información transmitida no Consello Escolar por diferentes membros da comunidade educativa.

- O tipo de conduta problemática máis frecuente é a que corresponde xeralmente ao alumnado da ESO, e ten que ver con incumprimentos de deberes ou faltas de carácter leve. Estes comportamentos eméndanse fundamentalmente co diálogo e coa aplicación das correccións que as NOF contemplan para estes casos.
- Tamén percibimos como as nosas alumnas e alumnos non son coidadosos co tratamento que manteñen ao interactuar entre eles; son frecuentes os insultos verbais, o contacto físico con certa agresividade que, en ocasións, deriva en fortes discusións nas que son necesarias mediar adultos para poñerelles fin.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Pino Manso

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño

Teléfono: 886 110392

Correo electrónico: [ies.pinomanso@edu.xunta.es](mailto:ies.pinomanso@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia

- O alumnado que é remitido á aula de convivencia acostuma repetirse e o motivo fundamental adoita ser as condutas disruptivas na aula e a actitude pasiva durante as clases. En ocasións tamén rexistramos faltas de respecto ao profesorado, pero estas teñen como consecuencia unha amoestación por escrito, a perda do dereito á asistencia a clase ou mesmo a apertura dun expediente disciplinario.
- Entre o alumnado obsérvanse comportamentos pouco respectuosos co coidado do material e dos espazos comúns, ademais de escaso compromiso cara á limpeza xeral do centro, comportamentos que deben ser corrixidos.
- Constatamos algunas condutas non respectuosas relacionadas co mal uso de teléfonos móbiles e outros aparatos electrónicos, empregados sen finalidade pedagóxica -aspecto regulado polas NOF- no desenvolvemento das clases. Nalgún caso pode transgredir o dereito á intimidade dos individuos e constituír unha ofensa grave para á súa dignidade -gravacións de sons e imaxes fixas ou en movemento das persoas sen o seu consentimento ou do desenvolvemento das clases ou outras actividades sen a autorización correspondente-.
- É preocupante o mal uso das redes sociais que, aínda que se leve a cabo fóra do centro, poden abordan temas que teñen a súa orixe na vida académica ou, posteriormente, influír nela.
- Somos coñecedores de que ás familias lles preocupan principalmente aquelas actitudes do alumnado que interfieren no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as, as cales impiden que as clases se desenvolvan nas mellores condicións e, polo tanto, que non poidan aproveitalas debidamente.
- O alumnado, pola súa parte, concede principal importancia a que se respeten as súas pertenzas e a que o comportamento das/os compañeiras/os dificulte que as clases poidan impartirse con normalidade.

Como dato rexistrado, incorporamos unha táboa na que figuran as sancións adoptadas ao longo do curso 2018-2019 como consecuencia de situacións conflitivas acaecidas no centro:

MEDIDAS ADOPTADAS	NÚMERO
Expulsións Aula de convivencia	304
Amoestación por escrito	72 (concentradas en ESO 1 e 2)
Perda do dereito á asistencia a clase	32
Expedientes disciplinarios comúns	6 (repítense dous alumnos)
Expediente disciplinario conciliados	1



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Pino Manso

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño

Teléfono: 886 110392

Correo electrónico: [ies.pinomanso@edu.xunta.es](mailto:ies.pinomanso@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia

Cómpre deixar constancia de que no que se refire á efectividade das medidas aplicadas no ámbito da convivencia, evidenciamos que:

- As expulsións que se realizan en grupos de alumnos ou sen tarefas que deban realizar non son operativas. Non sempre se consegue contactar coa familia, o que tamén resta efectividade a esta medida.
- As amoestacións implican a perda do dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias, polo que o alumnado é máis proclive a un cambio de actitude.
- Os expedientes disciplinarios comúns, que teñen como orixe as agresións graves e/ou reiteradas a calquera membro da comunidade educativa, acostuman derivar nunha perda do dereito de asistencia a clase. Non observamos melloría nestes alumnos, aínda que para o resto dos compañeiros si supón un recoñecemento da existencia de límites ante comportamentos agresivos que orixinan dinámicas perniciosas dentro da aula.
- Moitos conflitos son dirimidos en xefatura, pero outros son abordados no departamento de Orientación e nas titorías. Cremos que esta forma de tratarlos nas que o alumnado adoita poñerse no lugar do agraviado, reflexiona e analiza as condutas mantidas, acostuma ser a máis efectiva, sobre todo se van acompañados dun seguimento e dunha marcaxe de límites claros.

Por último, incorporaremos a esta epígrafe de *medidas efectivas* as xa citadas no apartado de xestión e organización -e cualificadas de *positivas*, as cales non repetiremos para evitar caer na redundancia.



### 3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PINO MANSO

- A. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento deste plan de convivencia para mellorar as relacións e condutas do alumnado.
- B. Inculcar o respecto polas normas de convivencia do centro e que estas sexan asumidas como propias por todos os integrantes da comunidade educativa.
- C. Fomentar a acción titorial como instrumento para desenvolver a convivencia, cohesionar os grupos de clase, ensinar habilidades sociais e destrezas necesarias para a cooperación.
- D. Favorecer a integración de todo o alumnado a través da súa participación na vida do centro.
- E. Dar a coñecer ao profesorado novo as dinámicas de funcionamento do centro.
- F. Implementar a coordinación entre os equipos docentes para acadar actuacións coherentes no grupo clase.
- G. Eliminar ou reducir ao máximo posible, os episodios de condutas que alteran o normal desenvolvemento das clases, artellando mecanismos de prevención.
- H. Eliminar ou reducir ao máximo posible as condutas que atenten contra o dereito a intimidade dos membros da comunidade educativa ou á súa dignidade.
- I. Eliminar ou reducir ao máximo posible o uso inadecuado das redes sociais por parte do alumnado.
- J. Eliminar ou reducir ao máximo posible as condutas que supoñan subtracción ou dano grave intencionado nos bens ou propiedades de calquera membro da Comunidade Educativa.
- K. Promover un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.
- L. Fomentar hábitos, actitudes e accións encamiñadas á mellora da limpeza do centro en toda a súa extensión.
- M. Revisar o funcionamento da aula de convivencia.



#### 4. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA DO IES PINO MANSO

No cadre adxunto propoñemos unha serie de liñas de actuación que relacionamos cos obxectivos propostos. Tal e como demanda a normativa, Decreto 8/2015, tamén referenciamos os seus destinatarios (Artigo 13, alínea e) e os responsables de levalas a cabo.

##### 1. DESTINATARIO COMUNIDADE EDUCATIVA

LIÑA DE ACTUACIÓN	OBXECTIVO/S COS QUE SE RELACIONA	RESPONSABLE/S
Potenciar o funcionamento da Comisión de Convivencia	A, G, H, I, J	Dirección
Promover encontros, conferencias e obradoiros nas que se aborden temas como o acoso escolar, a identidade de xénero, a diversidade afectivo-sexual, os diferentes modelos de familia, a violencia entre iguais e sobre a muller, a igualdade de xénero, o bo uso de redes sociais, a prevención do consumo de substancias nocivas para a saúde e mais diferentes ámbitos da educación emocional. Estas actividades estarán dirixidas ao alumnado e tamén, fóra do horario lectivo, ao resto da comunidade educativa	D, F, G, H, I, J	Equipo directivo. Departamento de Orientación
Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes, o Plan de Convivencia e as NOF	E	Equipo directivo
Potenciar un estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas	A, E	Dirección
Continuar realizando as xornadas de acollemento ao alumnado que se integra por primeira vez ao centro	B, D, G, H, I, J	Equipo directivo. Departamento de Orientación. Tutores
Continuar realizando as xornadas de acollemento aos proxenitores do alumnado	A, D, K, L	Equipo directivo. Departamento de Orientación. Tutores
Actualizar e seguir aplicando o Plan de Acción Titorial para a consecución dos obxectivos marcados polo Plan de Convivencia.	A, C, D, G, H, I, J, M	Equipo directivo. Departamento de Orientación
Continuar coas campañas de limpeza no patio levadas a cabo polo alumnado	K, L	Xefatura de estudos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Pino Manso

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño

Teléfono: 886 110392

Correo electrónico: [ies.pinomanso@edu.xunta.es](mailto:ies.pinomanso@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia

## 2. DESTINATARIO PROFESORADO

LIÑA DE ACTUACIÓN	OBXECTIVO/S COS QUE SE RELACIONA	RESPONSABLE/S
Potenciar o traballo en equipo do profesorado como modelo de traballo cara ao alumnado	E	Equipo directivo
Seguir mantendo reunións periódicas dos titores da ESO, Dpto. de Orientación e Xefatura de Estudos	A, B, C, D, G, H, I, J	Xefatura de estudos. Departamento de Orientación. Tutores
Manter no Plan de Acción Titorial actividades para analizar o clima da aula e establecer as normas de convivencia	A, B, C, G, H, I, J	Equipo directivo. Departamento de Orientación
Continuar coas reunións a comezo de curso de xefatura de estudios co profesorado novo para favorecer a súa integración no centro	E, F	Xefatura de estudos. Profesorado



## 3. DESTINATARIO ALUMNADO E PROFESORADO

LIÑA DE ACTUACIÓN	OBXECTIVO/S COS QUE SE RELACIONA	RESPONSABLE/S
Manter as medidas de atención á diversidade: agrupamentos, desdobres de idiomas e laboratorios, dous profesores na aula	G, H, I, J	Equipo directivo
Abordar nas sesións de titoría, as normas da convivencia do centro e da aula	A, B, C, D, G, H, I, J	Xefatura de estudos. Departamento de Orientación. Tutores
Adoptar acordos entre o profesorado respecto aos criterios de esixencia de normas e tratamiento da disciplina coa finalidade e manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática	A, B	Xefatura de estudos. Departamento de Orientación. Profesorado
Manter unha distribución do alumnado na aula valorando conseguir un bo clima de traballo e comportamento ademais da escolla de materias	D, G, H, I, J	Dirección. Xefatura de estudos. Departamento de Orientación.
Continuar aplicando o programa da Aprendizaxe Cooperativa nas nosas aulas para fomentar a cohesión entre o alumnado e a aprendizaxe entre iguais	D	Equipo directivo. Departamento de Orientación. Profesorado
LIÑA DE ACTUACIÓN	OBXECTIVO/S COS QUE SE RELACIONA	RESPONSABLE/S
Continuar coas quendas de vixilancia nos espazos de lecer	G, H, I, J	Equipo directivo. Profesorado
Concienciarnos no bo uso da aula de convivencia.	M	Dirección. Xefatura de estudos.
A través das medidas ofertadas pola Consellaría: contratos Programa, PLAMBE e Proxecta, realizar actividades durante os espazos de ocio que fomenten a integración do alumnado (Teatro, Baile, ...)	D	Vicedirección. Departamento de Orientación. Equipo de Biblioteca. Profesorado



#### 4. DESTINATARIO ALUMNADO

LIÑA DE ACTUACIÓN	OBXECTIVO/S COS QUE SE RELACIONA	RESPONSABLE/S
Continuar potenciando o funcionamento da xunta de delegados para a mellora da convivencia do centro	A, B, D, F, G, H, I, J, K, L	Xefatura de estudos. Delegados
Continuar coa medida de apadriñamento do alumnado de Bacharelato cos alumnos de nova incorporación	D	Vicedirección. Departamento de Orientación
Establecer fórmulas de implicación do alumnado (premios, recoñecemento público) para favorecer a orde e limpeza do centro	J, K,	Equipo directivo
Continuar coa medida de separación de residuos plástico/papel nas aulas	J, K	Dirección. Secretaría



## 5. A MEDIACIÓN

Dende o curso 2017-2018, o IES Pino Manso incluíu no PFPP unha liña de formación en *Prácticas Restaurativas*. A través dunha serie de actividades, metodoloxicamente estruturadas, as *Prácticas Restaurativas* tratan de dar resposta aos conflitos que poidan xurdir nunha comunidade, tanto dende un enfoque proactivo (forxar relacíons e cohesionar a un grupo ou comunidade) coma reactivo (reparar o dano e restaurar as relacíons).

Coidamos que esta fórmula de prevención e mediación nos conflitos dá resposta axeitada á realidade do noso centro, dada a participación do profesorado no PFPP e o grao de satisfacción acadado na súa posterior posta en práctica.

Podemos establecer unha equiparación entre os participantes nunha *Mediación* e os das *Prácticas Restaurativas*:

- Profesores facilitadores: sería o máis próximo á figura do Profesor Mediador.
- Alumnos facilitadores: realizarían funcións propias dos alumnos mediadores.
- Reunións informais: utilizaríanse para abordar conflitos puntuais.
- Círculos restaurativos: abordarían a prevención e facilitaría a saída á luz de conflitos larvados ou ocultos antes de que estoupenasen.

Por último, salientar que ao igual que na *Mediación*, nas *Prácticas Restaurativas* só se obteñen óptimos resultados se as persoas que participan no proceso ven a necesidade de participar nel e, ademais, están dispostas a aceptar os compromisos que del emanen.

Para asentar o avanzado nas *Prácticas Restaurativas*, nas últimas reunións do PFPP acordamos, ademais de incluír esta liña no Plan de Convivencia, as seguintes liñas de actuación nos cursos vindeiros:

- Solicitar unha liña de consolidación en *Prácticas Restaurativas* para o profesorado xa formado.
- Crear unha *Comisión de Expertos* que formen e acompañen ao novo profesorado que queira incorporar ás súas aulas as *Prácticas Restaurativas*.
- Solicitar a formación, fóra do horario lectivo, do alumnado facilitador para que leven a cabo círculos e reunións espontáneas.
- Incorporar aos expedientes conciliados as *Prácticas Restaurativas*.



## 6. AULA DE CONVIVENCIA

No curso 2018-2019, producíronse un total de 304 expulsións á aula de convivencia. No apartado 2 deste documento, xa deixamos constancia de que, en xeral, se trata dunha medida de escasa operatividade, sobre todo se a analizamos en termos *reeducativos* -o alumnado que acostuma ser expulsado á aula de convivencia adoita repetirse-. Por outra banda, este espazo naceu ao abeiro da Lei 4/2011, (artigo 19.3) con vocación de substituir o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorpora ao alumnado a súa propia aula no menor tempo posible.

Consideramos que algunas das indicacións expostas pola lei non se están cumplindo con suficiente rigor, polo que cómpre recordar:

1. O envío do alumnado á aula de convivencia trátase dunha medida excepcional.
2. O alumnado deberá realizar durante ese período tarefas que o profesor ten que se ocupar de encomendar.
3. En caso de que o conflito afecte a varios alumnos, para evitar que a medida correctora se converta nun espacio lúdico, estes non poderán ser enviados en grupo á Aula de convivencia, senón que se terán que buscar medidas alternativas.
4. O profesorado que executa esta sanción, ademais de llo comunicar ao tutor, deberá poñerse en contacto coa familia no prazo de tempo máis breve posible, xa que no artigo 25.3 do Decreto 8/2015 se asegura que *a dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non empancipado/a.*

Respecto a outros elementos referidos á aula de convivencia que o Plan de Convivencia debe incluír, segundo o Decreto 8/2015 artigo 25, son:

1. O encargado de supervisar a aula de convivencia será o profesorado de garda.
2. As actividades encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e conductas positivas para a convivencia e que o departamento de Orientación debe programar, atópanse no ANEXO I deste plan.
3. As instalacións da aula de convivencia do IES Pino Manso sitúanse en fronte da sala de profesores e o seu horario coincide co lectivo do centro.



## 7. PROTOCOLO ACOSO

### 1. IDENTIFICACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

#### 1. Criterios de identificación do acoso escolar

No artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, defíñese o acoso escolar da seguinte maneira: *Para os efectos desta lei, considerase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as conductas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.*

#### 2. Criterios de identificación do acoso escolar

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumplirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente.

1. A existencia de intención de fazer dano
2. A repetición das conductas agresivas durante un período longo de tempo e de forma recorrente
3. A presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil.

#### 3. Tipos de acoso escolar

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal -a través de insultos, alcumes, desprestixio...- coma físico, contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

#### 4. Consecuencias do acoso escolar

Respecto da vítima, son múltiples os síntomas que pode sufrir, pero fundamentalmente concréтанse nunha perda de confianza e autoestima. Para a identificación destes síntomas resulta fundamental a colaboración das familias.

## 2. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquela, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo. Cómprase ter presente que unha vez detectados indicios da existencia dunha posible situación de acoso escolar, é necesaria unha intervención rápida e efectiva que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes).

A protocolo de actuación adoptará catro fases diferentes:

- fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.
- fase segunda: recollida de información e rexistro.
- fase terceira: análise da información e adopción de medidas.



- fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

Cómpre recordar que toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter confidencial.

## 1. ADOPCIÓN DAS PRIMEIRAS MEDIDAS

**Primeira fase. Coñecemento, identificación e comunicación da situación.**

Os primeiros indicios e a correspondente comunicación pode provir de calquera integrante da comunidade educativa (alumnado, familia, profesorado, persoal de administración e servizos) ou mesmo de persoas alleas ao centro. En calquera caso, o receptor ou receptora da información ten a obriga de informar á directora ou, na súa ausencia, a algúm membro do equipo directivo.

### 1. Medidas urxentes de protección á presunta vítima

Primando sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración, adoptaranse as seguintes medidas urxentes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causante/s da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.
  - Tal e como se recolle no artigo 30.2.c) da Lei 4/2011, a directora designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade (titor/a, orientadora...)

### 2. Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado

A directora do centro, empregando a vía máis rápida, pero tamén coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado. Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos denunciados e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

### 3. Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas

Para clarificar os feitos denunciados, a directora do centro nomeará a unha persoa responsable das averiguacións previas. Da reunión que se manteña, levantarase acta e a información que se facilitará será a seguinte:

- Os supostos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento.



- A copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecten ao alumnado implicado.
- Os datos de absentismo escolar.
- O informe dos titores deste alumnado.

Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlla nunha reunión, da que se redactará a acta, á directora do centro para proceder, cando así se estime, á incoación do expediente correspondente. De ser necesaria a súa tramitación, a persoa encargada das indagacións previas, tamén o será do expediente.

O perfil desa persoa cumplirá as seguintes requisitos:

- Ser profesor/a do centro.
- Ser experto no uso das TIC, se se trata dun caso de ciberacoso.

Outras consideracións a ter en conta:

- O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado.
- Consonte ao establecido no Decreto 8/2015, as averiguacións previas deberán realizarse nun prazo máximo de 2 días. A decisión sobre a incoación de expediente deberá tomarse nun máximo de 3 días (incluídas as averiguacións previas).
- Cando os feitos sexan claros e non se consideren necesarias as averiguacións previas, poderá procederse directamente á incoación do expediente.

#### **4. Comunicación a outros profesionais educativos e/outros axentes externos**

Partindo da valoración inicial e empregando criterios de necesidade e oportunidade, a directora poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...). Mais de apreciarse indicios de delito ou falta penal, tras o necesario traslado á administración educativa, notifícarao ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores. En caso de iniciarse un proceso penal, o expediente quedará en suspenso á espera da correspondente resolución xudicial.

#### **2. Segunda fase. Recollida de información e rexistro.**

O obxectivo desta fase é dilucidar se é pertinente a apertura dun expediente e ao longo dela deberanse cumplir unha serie de condicións:

- A información que se recabe nesta fase deberá realizarse garantindo sempre a discreción dos implicados.
- A información obtida non poderá ser incorporada ao expediente disciplinario en caso de que este se poña en marcha.
- De levar a cabo entrevistas, estas serán individuais. Nestas, ademais da persoa encargada das indagacións previas, contarase coa presenza dos proxenitores, -de ser o alumno menor de idade- ou, en ausencia deles, dun adulto.



Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á madureza dos entrevistados e recollerán cando menos:

- Datos identificadores do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, áínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.

#### **1. Entrevista individual á presunta vítima**

O obxectivo desta entrevista será dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e a pertinencia de incoación de expediente, así como proporcionarlle apoio e protección ao alumno ou á alumna, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto.

A entrevista levarase cabo intentando gañar a súa confianza e, ademais da persoa encargada das indagacións previas, levarase a cabo diante dun adulto.

#### **2. Entrevista individual á/s persoas posible/s responsable/s do acoso**

O obxectivo desta entrevista será recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas presuntamente agresora/s, amosar a postura do centro de tolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa posible conducta para a vítima e para eles ou elas mesmos/as, sen confundir *sermón con entrevista*.

#### **3. Entrevista individual á/s persoas observadoras/espectadoras**

O obxectivo desta entrevista é contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida das persoas que son presuntamente acosadas e acosadoras, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.

#### **4. Entrevista individual ás familias**

En ambos casos tratarase de procurar a colaboración das familias implicadas no proceso, ademais de amosar a postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta cara ás agresións.

- **Entrevista coa familia da posible vítima**

É necesaria para tranquilizalos, informalos da situación e das medidas adoptadas.

- **Entrevista coa familia da persoá/s presuntamente acosador/as**

Tratarase de tranquilizar ás familias, mais tamén serán informados de posibles medidas provisionais que se puidesen adoptar, ademais de facerelles ver as consecuencias deste tipo de conducta.

#### **5. Solicitudes de asesoramento**

A directora do centro poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico á orientadora ou recorrer a outros profesionais educativos (Equipos de Orientación Específicos, Inspección Educativa), organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (Axencia Española de Protección de Datos, Policía local. Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional...).



### 3. Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas

#### 1. Análise da información

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable das indagacions previas á directora do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas provisionais que cómpre adoptar, así como a incoación do expediente, xa que as actuacions que constitúan acoso escolar se consideran condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poden ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente.

Unha vez iniciada a tramitación do expediente, a directora notificarollo ao alumnado implicado e ás súas familias, -no caso de ser menores de idade-, ao servizo de Inspección Educativa correspondente e ao profesorado titor do alumnado implicado.

Se a dirección do centro observa que as situacions conflitivas transcendan das competencias do sistema educativo ou se se aprecian indicios de condutas penais, solicitarase axuda externa e poñerase en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...).

#### 2. Adopción de medidas educativas

As medidas que se impoñan deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e, de ser o caso, á reparación do dano causado.

##### 1. Medidas de protección á presunta vítima

As medidas que se poderán adoptar son as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/ s).
- Solicitud de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Titoría individualizada e grupal da súa clase.
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser assertivos, expresar as propias opinións...
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).
- Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/ s .
- Cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/ s acosadora/ s, logo do oportuno expediente.



- Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.
- **Comunicación ao Ministerio Fiscal** se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.

## 2. Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoas agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso

Estas poderán ser:

- Elaboración por parte do departamento de orientación do centro dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos, sempre e cando as partes estean de acordo e asuman as compromisos que dela emanen. Débese ter presente que a opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conducta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- Formación de equipos de alumnado facilitador.
- Actuacións inmediatas como consecuencia da conducta: pedirlle perdón á vítima, participación en círculos restaurativos, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.
- Aplicación de medidas correctoras para a/s persoas agresora/s consonte a Lei de Convivencia 4/2011 (artigo 21) e o Decreto 8/2015 (artigo 38).

## 3. Medidas co grupo-clase ou co alumnado espectador/observador, coas familias e co grupo docente

As medidas que se poderán aplicar co grupo-clase ou co alumnado espectador/observador consistirán en:

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación ...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de conductas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a *conducta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón*.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.



As medidas que poderán aplicar as familias serán do tipo de:

- Contribuir ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores
- Reconocer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas, establecendo compromisos.

No que se refire ao equipo docente, estas serán:

- Solicitar ao CFR de Vigo formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Acordar e unificar criterios de actuación e creación dun código común de formas de responder ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos facilitadores).

#### 4. Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

A directora do centro ou a persoa na que delegue realizará, un seguimento da situación, coa intencionalidade de que esta non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro) e o tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Debaranse programar encontros periódicos, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conducta. Dos resultados deste seguimento, a directora informará á Inspección Educativa.



### 3. ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN

Todas as medidas preventivas incluídas neste Plan de Convivencia deberán levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, co liderado do equipo directivo e o apoio do departamento de orientación e ser transmitidas a todos os sectores da comunidade educativa.

#### 1. Estratexias organizativas e de prevención no centro

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención consideraremos as seguintes:

- Solicitar o apoio e o asesoramento do orientador ante os indicios ou situacions que poden derivar en posible acoso.
- Mantemento das reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no centro.
- Impulso da metodoloxía das Prácticas Restaurativas no centro.
- Difusión á comunidade educativa do Plan de convivencia e das NOF.
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión a través de actividades programadas.
- Continuidade do rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacions necesarias na regulación da convivencia do IES Pino Manso.
- Establecer como canle para a denuncia de situacions de acoso, con garantía de confidencialidade, unha caixa situada no corredor da primeira planta entre os despachos de Vicedirección e Orientación.
- Continuidade da vixilancia en zonas comúns.
- Continuidade da mellora das zonas de ocio a través dos Contratos Programa
- A partir de obradoiros e talleres deseñados polo departamento de Orientación en colaboración coa Vicedirección, continuidade coa introdución de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais, axuda persoal e daqueles que crean condicions favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia (resolución de conflitos, Prácticas Restaurativas, Aprendizaxe Cooperativa..).
- A partir de diferentes liñas do PFPP:
  - Establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa e o profesorado (profesorado, familias e alumnado).
  - Establecemento de programas formativos coa intención de previr e actuar ante situacions de ciberacoso:
    - Formación do profesorado e de familias: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario.
    - Formación ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, non responder a provocacions a



través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, cómpre gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta.

## 2. Estratexias de prevención na aula

- Revisión dos aspectos incluídos no Plan de Acción Titorial referidos ao acoso para que respondan tanto aos aspectos preventivos coma os correctivos
- A través do programa Aprendizaxe Cooperativa, incluídas no Plan de Acción Titorial, continuar realizando actividades de titoría que fomenten a cohesión e a sensibilización fronte ao maltrato
- Continuidade, dentro da aula, do cultivo de habilidades sociais que eduquen ao alumnado no mantemento de relacóns interpersoais igualitarias, baseadas na valoración mutua e no respecto; desenvolvendo, ademais, a través da Aprendizaxe Cooperativa, destrezas para a xestión das emocións.
- Continuidade da formación de comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral (apadriñamento) e comezar a formación de Prácticas Restaurativas.
- Continuidade na utilización das sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacóns de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.
- Continuidade dos contactos periódicos coas familias.
- Seguimento do clima relacional da aula; continuidade da aplicación e valoración de cuestionarios sociométricos.
- Crear un espazo onde a propia comisión de convivencia do centro poida deseñar este tipo de estratexias.

## 4. O CIBERACOSO

Enténdese por ciberacoso aquelas situacóns de acoso escolar (uso e difusión de información lesiva ou difamatoria como insultos, difamacións, ameazas, intimidación, exclusión, boicot, humillacións, distribución de datos e imaxes persoais, roubo e suplantación da identidade...) nas que se empregan como medio as tecnoloxías da información e da comunicación, TIC, as cales, dende a Lei 4/2011, artigo 28, indícase que terán a mesma consideración as conductas de acoso realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. No punto 2 do artigo 12 da citada lei, recóllese que: poderán corrixirse disciplinariamente as conductas do alumnado que, áinda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e lles afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacóns que constitúen acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles conductas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar, considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei e demais normativa que a desenvolva.

Na mesma Lei 4/2011, no seu artigo 15, cítanse unha serie de actividades que poden ser constitutivas de ciberacoso e establecéncense que estas serán consideradas conductas gravemente



*prexudiciais para a convivencia: A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.*

## 1. Criterios de identificación do ciberacoso

Para a súa identificación, o ciberacoso presenta unha serie de características comúns ao acoso:

- Trátase dunha situación perdura no tempo; quedan excluídas as accións puntuais que, áinda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
- Comparten a intención de causar dano, áinda que non sempre se dea nos primeiros estadios do proceso.

E outras que forman parte da súa natureza tecnolóxica:

- Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
- Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de Internet ou calquera dos servizos asociados: teléfono móvil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogues...

## 2. Tipos de ciberacoso

O ciberacoso pode concretarse en:

- Fustrigamento: cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- Exclusión: cando se usan contornos públicos para enviar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- Manipulación: cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

Unha vez que se verificou unha posible situación de ciberacoso, traballarase de xeito inmediato e simultáneo en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e accións de protección.

## 3. Protocolo de actuación

Ante situacions de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, (captura de pantallas en modo imaxe e vídeo, impresión de páxinas, copia de ficheiros... antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras).
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.
- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.)



- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que disponen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).

Todas estas accións deberán estar enmarcadas na más absoluta discreción e confidencialidade.

A información recollida deberá detallar, ademais:

- Relación co ámbito escolar.
- Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.
- Efectos producidos.

#### **4. Estratexias preventivas**

Ante situacións de ciberacoso serán válidas moitas das estratexias establecidas no protocolo de acoso escolar desenvolvidas neste documento, ás que se engadirán estas outras más específicas e particulares do ciberacoso.

- Profesorado e centro
  - Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora etc. a través do programa EPOPTES.).
  - Ter presente as normas establecidas de uso dos equipos na aula
  - Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.
  - Nas aulas da ESO e de Informática, nas cales os equipos son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.
- Referidas ao alumnado
  - Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.).
  - Insistir ao alumnado en que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos.
  - Consellos para non ser acosado:
    - Ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demás.
    - Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demás contando temas persoais.
    - Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.
  - Consellos para non tolerar o acoso:



- Mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas.
- Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.
- Referidas ás familias:
  - Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade dos seus fillos ou das súas fillas, dándolleis máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan más maduros ou maduras.
  - Aceitar Internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben.
  - Tratar de non exercer de polícias, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control, acordando convxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.
  - Promover que os seus fillos ou as súas fillas non manexen o ordenador pechado no seu cuarto
  - Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.
  - Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.
  - Manter un contacto profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes.

## 8. NORMAS DE CONVIVENCIA

### 8.1.1. Normas de convivencia que regulan las actividades desenvolvidas no centro

- Referidas ao alumnado:

A. O alumnado ten a obriga de asistir a clase. As faltas de asistencia serán puntualmente xustificadas polos seus pais/nais/titores legais -cando o/a alumno/a sexa menor de idade- ou polos servizos sanitarios, cando corresponda segundo o enunciado polas NOF do centro.

(Decreto 8/2015, Art. 42.c)

B. Cumprirá e respectará os horarios do desenvolvimento das actividades do centro.

Poderá saír do centro durante o período lectivo acompañado dun dos seus pais/nais/titores legais ou persoa autorizada, agás se é maior de idade.

(Lei 4/2011, Art. 7.2.h).



- C. Mostrará respecto a todos os membros da Comunidade Educativa. Así mesmo empregará unha linguaxe correcta, evitando palabras maloantes, insultos ou gritos.  
(Lei 4/2011, Art. 3a e 3b).
- D. Obedecerá as indicacións do profesorado e respectará as correccións disciplinarias que este lle impóna.  
(Lei 4/2011, Art. 7.2.g e Art. 11).
- E. O alumnado ten dereito a unha formación integral e coeducativa, polo tanto debe contribuír a manter un adecuado clima de estudio. É deber fundamental respectar o exercicio do derecho ao estudio a ao traballo dos seus compañeiros/as de clase, e respectar o derecho do profesorado a dar clase e non ser interrompidos no desenvolvemento do seu traballo.  
(Lei 4/2011, Art. 7a e Art. 8.1.a e 8.1.b).
- F. Coidará as instalacións e o material do centro usándoas de forma axeitada evitando o deterioro dos mesmos.  
(Lei 4/2011, Art. 7.2.e).
- G. As saídas e entradas nas aulas ou calquera outra dependencia, incluídos os corredores, realizaranse en silencio e coa maior orde posible.  
Así mesmo, o alumnado permanecerá na súa aula nos cambios de clase co obxectivo de manter un adecuado clima de estudio no centro.  
(Lei 4/2011, Art. 7.1.a).
- H. O alumno/a traerá o material necesario para o normal desenvolvemento das actividades académicas.  
(Decreto 8/2015, Art. 42.d).
- I. O alumando asistirá ao centro cunha vestimenta que non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo o un risco para a súa saúde e integridade persoal e a de os demais membros da comunidade educativa, ou impida ou dificultade a normal participación do alumnado nas actividades docentes.  
(Lei 4/2011, Art. 10.4)
- J. Non está permitido o uso de ningún teléfono móvil ou aparello electrónico telemática no centro, así coma tampouco no pavillón de deportes municipal no desenvolvemento das actividades correspondentes á materia de Educación Física. Non obstante, estará permitido o uso cando haxa finalidades educativas de ensinanza-aprendizaxe que estean expresamente autorizadas polos docentes.  
(Decreto 8/2015, Art. 10.4)
- K. Para No tempo de recreo as aulas serán pechadas polo profesor/ ao remate da sesión. O alumnado terá que coller o que precise antes de saír da aula. Neste tempo o alumando permanecerá no patio, na biblioteca ou na cafetería do centro, polo tanto non poderá estar nos corredores, nin subindo e baixando as escaleiras.



### 8.1.2. Normas de convivencia que regulan las actividades desenvolvidas fora do centro

A conduta do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares, ao igual que no transporte escolar, réxese polas normas de convivencia desenvolvidas no apartado 8.1.1. O seu incumprimento será abordado -e sancionado- de igual maneira que as faltas de conduta que teñen lugar dentro do centro.

(Decreto 8/2015, Art. 36.1)

Durante unha actividade complementaria fóra do centro contemplaranse as seguintes normas:

- A. Observar un comportamento correcto coas persoas e instalacións do lugar que se visita.
- B. Permanecer no grupo durante a visita, baixo as ordes do profesor/a acompañante.
- C. Durante o traxecto no medio de transporte utilizado observaranse as normas de convivencia en todo momento, extremando estas para non provocar despistes nos condutores/as no caso de viaxar en autobús. En calquera caso, e en calquera medio de transporte, non se baixará del senón é coa autorización do profesor/a acompañante
- D. A mesma observancia das normas respectarase no autobús cando se faga uso do transporte escolar regular ao longo do curso académico.

## 9. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓN QUE CORRESPONDEN AO SEU INCUMPRIMENTO.

### 1. Marco legal

Segundo o Decreto 8/2015 na estrutura do Plan de Convivencia incluirase un apartado referido ao *establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento* (artigo 13,g).

Ademais da referencia normativa anterior, tomaremos como base a regulamentación que desenvolve, a *Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*.

Tamén se terá en conta, o *Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora*, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, en aspectos como modelos de comunicación e prazos de execución de medidas correctoras.

Por último, a Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, será tida en conta para enunciar os dereitos de abstención e de recusación.



## 2. Consideracións xerais

Antes de abordar o tipo de condutas contrarias á convivencia, teremos presente que toda medida correctora debe ser proporcionada e que, ademais, no artigo 34 do decreto contempla que para a gradación das medidas deberan terse en conta as seguintes salvidades:

- a. *O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conducta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos..*
- b. *A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.*
- c. *A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conducta, as súas imaxes ou a ofensa.*
- d. *A natureza dos prexuízos causados.*
- e. *O carácter especialmente vulnerable da vítima da conducta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.*

Tamén cómpre ter presente que segundo o establecido no artigo 35 do decreto, o alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o substraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

*Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impóna a corrección da conducta.*

Polo que se refire á mediación, o artigo 26 do decreto, sostén que *sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, ..., os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa ... Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.* Como xa anunciamos anteriormente, as Prácticas Restaurativas serán o modelo que empregaremos como fórmula próxima á mediación.

Por último, debemos aclarar que, se ben non é necesario resolver por escrito a maioría das medidas correctoras da condutas contrarias á convivencia de carácter leve, é conveniente que destas queden constancia no sistema operativo Xade na pestana correspondente, xa que poderán ser tidas en conta para determinar unha posible falta grave por reiteración de condutas leves. Lembrar, ademais, que o documento de constatación dos feitos elaborado polo profesor considérase, agás proba contraria, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011.



### 3. Condutas leves contrarias á convivencia e a súa corrección

Son as definidas no artigo 42 do Decreto 8/2015:

- a. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c. A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e. As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

As medidas correctoras que corresponden son artelladas no artigo 43 do decreto, que recollemos no cadro seguinte, ao igual que as persoas competentes para a súa aplicación:

MEDIDA	DOCENTE	TITOR/A	XEF. DE ESTUDOS	DIRECTORA
Amoestación privada ou por escrito	X	X	X	X
Comparecencia inmediata ante xefatura de estudos	X	X	X	X
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.		X	X	X
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
Cambio de grupo por un período de ata unha semana.			X	X
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo				X
Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X



Cómpre insistir en que:

- a. Teñen a consideración de faltas leves as recollidas neste apartado e as que figuran nas Normas de Convivencia.
- b. As faltas leves prescriben, segundo o artigo 56 do decreto, ao cabo dun mes, mais no caso de que se trate dunha conduta reiterada, esta non prescribirá ata que cese. Un mes tamén é prazo para xestionar as condutas leves contrarias á convivencia, segundo o artigo 6 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora (Real Decreto 1398/1993); con todo, a determinación dos feitos e corrección, se procede, deberá facerse coa maior celeridade posible para que cumpra os obxectivos educativos e recuperadores, dando cumprimento ao establecido no artigo 32 do Decreto 8/2015.
- c. Consignaranse por escrito a resolucións referidas ao suspensión de dereito á asistencia a clase por un período de ata tres días lectivos -ben en determinadas materias, ben ao centro-. Estas resolucións deberán ser comunicadas ás familias e á Comisión de Convivencia do centro e o afectado ou os seus representantes legais poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión destas medidas perante o Consello Escolar. No caso de solicitarse esta revisión, a directora emitirá unha nova resolución á maior celeridade ratificando ou rectificando as medidas impostas. Esta resolución pon fin ao procedemento e é inmediatamente executiva.
- d. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición (artigo 56, Decreto 8/2015).

#### 4. Condutas graves contrarias á convivencia e a súa corrección.

Cumpriría, en primeiro lugar, identificar cales son as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Estas aparecen enumeradas no artigo 38 do Decreto 8/2015:

- a. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Pino Manso

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño

Teléfono: 886 110392

Correo electrónico: [ies.pinomanso@edu.xunta.es](mailto:ies.pinomanso@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia

*h. Os actosinxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.*

*i. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.*

*j. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requerido para iso polo profesorado.*

*k. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.*

*l. O incumprimento das sancións impostas.*

Para comunicar as incidencias susceptibles de ser consideradas condutas gravemente prexudiciais para a saúde, o IES Pino Manso conta con modelos normalizados, procedentes da Administración no que se respectan os datos que, segundo o artigo 37 do decreto, deben figurar:

*a. Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.*

*b. Descripción da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.*

*c. A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.*

*d. Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incuso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.*

*e. De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.*

*f. Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.*

Tal e como anunciamos nas consideracións xerais deste apartado, o documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión. A comunicación por escrito ao presunto infractor (ou aos seus representantes legais) da incoación de expediente, suspende o cómputo deste tempo, que volverá a contar no punto onde quedou suspendido se o procedemento aberto caducase.



As medidas correctoras para este tipo de conduta réxense polo artigo 39 do Decreto 8/2015 e son as seguintes:

- a. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b. Suspensión do derecho a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dousas semanas e un mes.
- c. Cambio de grupo.
- d. Suspensión do derecho de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dousas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e. Suspensión temporal do derecho de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f. Cambio de centro.

Débese ter en conta que aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f)

## 5. Tramitación dun expediente

A directora, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado.

Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos, (artigo 47 do Decreto 8/2015). En todo caso, no prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta, a directora decidirá a procedencia ou non de incoar expediente e, de ser o caso, a súa notificación por escrito ao alumno ou á alumna ou, de ser menor non emancipado/a, ás persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

Para comunicar as incidencias susceptibles de ser consideradas condutas gravemente prexudiciais para a saúde, o IES Pino Manso conta con modelos normalizados, procedentes da Administración nos que figuran seguintes os datos:

- Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsable/s.
- Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puideran corresponder, sen prexuízo do que resulta da instrución.



- Designación da persoa instrutora, con expresa indicación do réxime de recusación.
- Proposta, se procede, de resolución mediante o procedemento conciliado.
- Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúe tal competencia, indicando a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade.
- Medidas de carácter provisional que se acordaran polo órgano competente para iniciar o procedemento corrector, sen prexuízo de que se poidan adoptar durante o mesmo.
- Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.

Deste acordo darase traslado á persoa instrutora, que se dará así por nomeada, xunto con cantas actuacións existan ao respecto.

De haber máis dun posible infractor, elaborarase un acordo de incoación para cada un deles ao obxecto de protexer a confidencialidade preceptiva, áínda cando a conduta ou omisión sexa conxunta e, polo tanto, sexa tramitada polo/a mesmo/a instrutor/a.

Por último, darase traslado deste acordo de incoación á persoa presuntamente responsable da conduta (ou aos seus representantes legais, de ser o caso) e á Inspección Educativa.

Respectando o artigo 47.3 do decreto, antes da iniciación do expediente ou en calquera momento da súa instrución a directora poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do derecho de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos. Respecto indicación do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora (artigo 4), o cumprimento ou execución das medidas de carácter provisional ... que... se adopten compensaranse, cando sexa posible, coa sanción imposta.

A persoa nomeada instrutora dun expediente disciplinario poderá absterse -e deberá comunicarollo á dirección que resolverá o procedente- se concorren algunha destas circunstancias (artigo 23 da Lei 40/2015):

- Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro na resolución do cal puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas na alínea anterior.
- Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia e lugar.



Dado que os prazos legalmente previstos seguen correndo, é importante que este proceso se realice coa maior celeridade.

Tamén cómpre ter presente que os interesados poderán promover recusación en calquera momento da tramitación do procedemento, mediante escrito no que se expresará a causa ou causas en que se fundan. No día seguinte, o recusado manifestaralle á dirección se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, a directora poderá acordar a súa substitución deseguida. Se o recusado nega a causa de recusación, a directora resolverá no prazo de tres días, tras os informes previos e as comprobacións oportunas.

A recusación ten a natureza xurídica de incidente procedemental suspensivo (artigo 77, Lei 40/2015) polo que, no momento de ser solicitada a recusación, suspenderase o cómputo dos doce días legalmente establecidos en xeral, e dos cinco días de tramitación en particular.

## 6. Procedemento conciliado

De acordo co establecido no artigo 49.2 do Decreto 8/2015, o procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpliren os seguintes requisitos:

- a. Que a alumna ou o alumno responsable dalgúnha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reconxeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumplir as medidas correctoras que correspondan.
- b. No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O artigo 49.3. establece que o procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

- a. Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b. Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c. Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- d. Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

Para ser aceptado, o procedemento conciliado, ademais de se cumpliren os requisitos para a súa incoación, debe ser expresamente aceptado pola persoa cuxa conduta é obxecto de corrección, ou polos seus representantes legais se procede.

Cando existan diferentes partes implicadas o procedemento deberá ser expresamente aceptado por todas elas (ou representantes legais segundo proceda), no prazo máximo dun día lectivo, de acordo co establecido no artigo 48 do Decreto 8/2015.

Dado que para cada persoa presunta agresora se seguirá un procedemento separado, é posible que existindo diferentes presuntos agresores ou agresoras, nuns casos se chegue a acordo sobre a utilización do procedemento conciliado, mentres que noutras se faga uso do procedemento común. A aceptación das diferentes partes refírese, polo tanto, a cada un dos procedementos abertos.



O desenvolvemento dun procedemento conciliado réxese polo establecido no artigo 50.1 do decreto 8/2015 e os pasos que cómpre dar son os seguintes:

1. Tras a aceptación do procedemento conciliado, a directora convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. Na reunión, a persoa instrutora, que actuará como secretaria da reunión, recordaralles ás afectadas e aos afectados que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Advertirá, ademais, que as declaracions que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta.
4. A persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opiniós sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracions oportunas sobre a súa corrección.
5. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
6. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.
7. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agravada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola directora na propia acta da reunión.

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora, (artigo 51 do decreto) que, recorrendo ás *Preguntas Restaurativas*, tratará de facilitar a reflexión e asunción de responsabilidades por parte dos agresores e a reparación do dano e restauración das relacións. No noso caso, esta intervención será levada a cabo pola Orientadora do centro, a Xefa de Estudos ou por un profesor con formación e experiencia en Prácticas Restaurativas que non estea vinculado ao procedemento.

Esta persoa non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.



As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as recollidas no artigo 51.3 do decreto:

- a. *Contribuír ao proceso de conciliación.*
- b. *Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.*
- c. *Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.*

O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que este non se logre, continuarase a corrección polo procedemento común.

O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común, de acordo co artigo 50 do decreto.

O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 4/2011.

## 7. Procedemento común

No procedemento común, os trámites que ten que realizar o instrutor son, segundo o artigo 48 do decreto, os seguintes:

- a. *Practicar cantas diligencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.*
- b. *Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.*
- c. *Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras.*
- d. *Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.*

A persoa instrutora poderá citar para entrevista a tantas testemuñas e implicados como considere, así como ás presuntas vítimas e/ou infractores, e aos seus representantes legais, se procede.

No caso de non comparecer os representantes legais, sen prexuízo de que se tomen as medidas oportunas dada a obligatoriedade das comparecencias, estes serán oídos sempre que teñan xuízo suficiente e, en todo caso, cando sexan maiores de doce anos. Nas entrevistas de menores, cando estes non se atopen asistidos polos seus responsables legais, de xeito EXCEPCIONAL a directora garantirá que sexa oído en condicións idóneas para a salvagarda dos seus intereses, para o que será asistido polo seu titor ou titora, sempre que este non sexa parte interesada.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación, (artigo 53 do decreto). Ao remate deste prazo, formulará a súa proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e os seus representantes legais, se procede.

Tras recibir a notificación da audiencia, a cal irá acompañada dunha relación dos documentos que figuran no procedemento e nun prazo máximo de tres días lectivos, a alumna ou alumno e os seus representantes legais, se procede, comparecerán ante a persoa instrutora do



procedemento. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirse acta; nela constarán as alegacións resultantes, se procede, da audiencia.

A persoa instrutora dará traslado de todo o actuado, da proposta de resolución e a acta resultante do trámite de audiencia e alegacións (se procede) á directora do centro quen ditará a resolución escrita (artigo 54 do decreto), considerando polo menos, os seguintes contidos:

- a. *Feitos probados.*
- b. *De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.*
- c. *Medidas correctoras que se vaian aplicar.*
- d. *Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.*

A directora notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, se procede, aos representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo e remitiraa á xefatura territorial correspondente. Mais é necesario ter presente que, entre as posibles medidas, a proposta de cambio de centro require actuacións complementarias -cómprase a autorización do Xefe Territorial para ser levada a cabo-, nas cales se interrompen o cómputo do prazo marcado de doce días lectivos para a resolución do procedemento.

Cando a directora considere feitos, achegas ou medidas diferentes das consignadas na tramitación do expediente pola persoa instrutora, a dirección dará un novo trámite de audiencia considerando estas actuacións como complementarias ao procedemento, sempre coa maior celeridade.

Da súa proposta dará traslado aos afectados, que poderán facer as alegacións oportunas nun procedemento similar ao establecido con carácter xeral para a instrución do expediente.

Por tratarse dunha actuación complementaria necesaria, interrómpese o cómputo do prazo previsto -doce días lectivos- para a resolución dos expedientes desde o día que se produce a citación para a entrevista ata que se leva a cabo a audiencia da nova proposta de resolución.

As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas. Non obstante, a persoa afectada ou os seus representantes legais poden solicitar a revisión por parte do consello escolar, (artigo 54 do decreto).

O consello escolar emitirá un informe á vista do cal a dirección do centro ratificará ou rectificará as medidas impostas orixinariamente, toda vez que non é vinculante.

Cómprase ter presente que, se ben o prazo máximo de resolución do procedemento é de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, se durante a instrución do procedemento prescribe a conduta -catro meses dende a súa comisión- deberá procederse ao arquivo das actuacións (artigo 6 Real decreto 1398/1993).

Se o procedemento caduca, haberá que iniciar, desde o principio, un novo procedemento, non podendo entenderse nada por actuado.

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano (artigo 56, Decreto 8/2015).



## 8. Compromisos convivencia

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corixido ou, de ser o caso, os seus representantes legais asinan un compromiso educativo para a convivencia, (artigo 55 do decreto).

Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada:

- a. A que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, os seus representantes legais
- b. As actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquellas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas.
- c. Deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

A falta de cumprimento dos devanditos compromisos adquiridos determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

## 9. Condutas constitutivas ilícito penal

Cando se produzcan condutas das que se derivan actos que poden ser constitutivos de ilícito penal manifesto, a directora poñerán en coñecemento da Administración educativa, dos corpos de seguridade ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas, (artigo 33 do decreto). Neste caso, ata que haxa unha resolución xudicial penal firme, o procedemento queda suspendido, ao igual que os prazos a efectos de caducidade do expediente e prescripción da conduta.

## 10. Protección de datos

Baseándonos en diferentes normativas (*Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, disposición adicional vixésimo terceira; artigo 53 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público; artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; artigo 13 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal*) temos que ter moi presente que, durante a tramitación do proceso, os seus responsables achegarán a cada un dos intervenientes o menor número posible de datos persoais sobre o resto de implicados que garanta o efectivo exercicio dos dereitos que os asisten, actuando como salvagarda dos intereses de todas as partes.



## 10. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

O artigo 6, do *Decreto 8/2015* regula a natureza e funcións da comisión de convivencia. No IES Pino Manso a Comisión de Convivencia constituíse tras as últimas eleccións do consello escolar, acontecidas en outubro de 2018. Tal e como se regula no *Decreto*, respecta a igualdade entre homes e mulleres e nel están representados membros de todos os sectores da comunidade educativa.

Neste pasado curso 2018-2019, a Comisión de Convivencia só se reuniu nun par de ocasións: na súa instauración, data na que si asistiron todos os seus membros; e a final de curso, no que só se atopaban presentes a representación do profesorado e do Persoal Non Docente e alumnado; ao longo desta reunión os asistentes foron informados, pola xefatura de estudos, das cuestións de disciplina máis relevantes que tiveron lugar.

A primeira das liñas de actuación que se recollen neste Plan de Convivencia formula a necesidade de potenciar o funcionamento deste órgano consultivo que exerce as súas funcións por delegación do consello escolar, a través das seguintes accións:

- Incluír as súas achegas para elaborar o Plan de Convivencia.
- Habilitar un enderezo de correo electrónico a través do cal nos compartan as accións que permitan adoptar medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e para impulsar accións que permitan promocionar unha convivencia positiva.
- Realizar as tres preceptivas reunións ao longo do curso, nas que continuarán sendo informados das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Facilitar espazos e a posible asesoramento de profesionais, propios ou alleos ao centro, para que elaboren a memoria final de curso onde se analice o estado da convivencia e da conflitividade no IES Pino Manso.

## 11. ESCOLA DE NAIS/PAIS

Creamos que o contacto entre as familias e os centros educativos redundan na calidade dos procesos de ensinanza-aprendizaxe e, especialmente, no ámbito da convivencia.

No IES Pino Manso, os pais/nais son convocados en xuntanzas, por niveis -ao comezo de curso-. ao longo do ano académico, en sesións individuais de tutoría e a finais, cando se celebran as xornadas de acollemento ás familias do alumnado de nova incorporación. Tamén asisten ao centro, en reunións concertadas pola ANPA, para acordar diferentes aspectos, sobre todo os relacionados coa excursión de fin de etapa.

A participación das familias nos órganos colexiados -votacións do consello escolar, afiliación á ANPA- é máis ben escasa, salvo no nivel de Cuarto de ESO, que neste caso se incrementa polo vínculo á citada excursión.

No curso 2018-2019, na celebración das xornadas de acollemento aos pais/nais do alumnado de Primeiro de ESO, realizouse un obradoiro relacionado co *Aproveitamento e do bo uso dos dispositivos móbiles*, vinculado ás liñas do PPP do centro, baixo o auspicio do CFR de Vigo e do departamento de Orientación. A positiva actitude dos asistentes, o seu nutrido número e a súa



alta participación permítenos pensar que o aproveitamento deste tipo de convocatorias será unha das claves para realizar actividades relacionadas coa Escola de Pais/Nais. Tamén somos conscientes de que non sempre a información que enviamos en papel, a través do alumnado, chega ás familias. Recorrer á páxina web ou ao envío masivo de SMS, aínda que gravoso dende o punto de vista económico, parece que é máis efectivo.

De realizar máis actividades orientadas cara unha Escola de pais/nais, estas terán lugar fóra do horario lectivo, -cara as últimas horas da tarde- e o lugar de celebración será no Salón de actos do centro, aínda que tamén se aproveitarán as aulas para a posta en práctica de pequenos talleres ou, como vén sendo habitual, para explicar ás familias o desenvolvemento da metodoloxía da Aprendizaxe Cooperativa que tradicionalmente se leva a cabo coas familias do alumnado de Primeiro de ESO.

## **12. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO**

A colaboración coas familias, coas aclaracións que se apuntaron no apartado anterior, lévase a cabo a través da ANPA, o consello escolar e as titorías individuais.

A coordinación cos restantes centros educativos descansa no equipo directivo e tamén no departamento de Orientación; ambos órganos colexiados celebran xuntanzas, con intercambio de información e de propostas de mellora da convivencia, co profesorado e dirección dos centros da contorna.

O concello do Porriño está representado no consello escolar a través da súa concelleira de cultura; é nese ámbito onde se tratan de coordinar aspectos relacionados coa convivencia no centro. Así mesmo tamén existe unha fluída colaboración entre o IES Pino Manso e a concellería de Asuntos Sociais, da mesma maneira que co persoal adscrito a esta sección.

Por último, salientar as actividades que, en prol da igualdade e prevención da violencia, realiza a anterior concellaría en colaboración cos diferentes centros educativos da zona e as habituais propostas de encontros literarios e exposicións, que redundan na mellora da competencia social e cidadá do noso alumnado, os cales parten da Biblioteca Municipal.

## **13. DIFUSIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA**

O Plan de Convivencia, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e assumido por todos os membros da comunidade educativa. Para que este sexa difundido, empregaranse as seguintes canles:

- Consello escolar.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da xunta de delegados.
- ANPA do centro.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**IES Pino Manso**

Rúa Antonio Palacios, 76- 36400 O Porriño

Teléfono: 886 110392

Correo electrónico: [ies.pinomanso@edu.xunta.es](mailto:ies.pinomanso@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/>



galicia  
**g**

Os medios para levar a cabo esta difusión serán:

- Reunións informativas e asembleas.
- Folletos, trípticos que se entregarán nas reunións de comezo de curso.
- Exposición na páxina web do IES Pino Manso.

Polo que se refire ao seu seguimento, a comisión de convivencia é, segundo o Decreto 8/2015, artigo 6, alínea 4a, a encargada de levala a cabo. Correspónدلle, ademais, elaborar a final de curso, a correspondente memoria, que en caso de ser pertinente, aprobará o consello escolar.

Os posibles criterios para a avaliação da convivencia escolar nos centros educativos e as ferramentas con que se realizarán serán os seguintes:

ANÁLISE E REFLEXIÓN DE DATOS EXTRAIDOS	ESCALA DE RANGO
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.</li> <li>2. Implicación no Plan de Convivencia dos diferentes sectores da comunidade educativa.</li> <li>3. Funcionamento da Comisión de Convivencia do centro: número de reunións, temas tratados, colaboración na resolución de conflitos xurdidos.</li> <li>4. Número de actividades formativas realizadas por toda a comunidade educativa para mellora da convivencia e grao de satisfacción.</li> <li>5. Número de procedementos conciliados realizados de resolución de conflitos.</li> <li>6. Número e asistentes e grao de satisfacción dos asistentes ás xuntanzas de nais/pais.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>7. Grao de cumprimento dos obxectivos propostos no Plan de Convivencia</li> <li>8. Grao de desenvolvemento das liñas de actuación incluídas no plan de convivencia.</li> <li>9. Grao de coordinación de xefatura de estudos, tutores e departamento de Orientación para a mellora da convivencia.</li> <li>10. Grao de satisfacción do funcionamiento de protocolos de actuación en situacións de conflito.</li> <li>11. Grao de satisfacción co desenvolvemento das Prácticas Restaurativas na resolución de conflitos.</li> <li>12. Realización da formación de alumnado facilitador. Grao satisfacción dos participantes.</li> <li>13. Grao de satisfacción ante actividades que melloren a inclusión.</li> </ol>

Este Plan de Convivencia foi aprobado con data 03/02/2020 polo Consello Escolar do centro na súa totalidade e polo Claustro nos aspectos pedagóxicos que lle competen.

O secretario

Antonio Abalde García



Visto e prace

A directora

Rosa M. Fernández Calvo